

CORONAVIRUS



Lavar as mans frecuentemente. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cúbado flexionado.



Durante o estado de alarma soamente se pode circular polas vías de uso público para a adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade. Desprazamentos a entidades bancarias, centros sanitarios, lugar de traballo e asistencia e coidado a persoas dependentes.



Extrema a limpeza no teu móbil. Non o compartas con outros usuarios e sempre que poidas utilizaos con auriculares para evitar o contacto directo coa cara.



En caso de sospeita de contaxio chama ao **900 400 116**. Se se trata dun caso grave chama ao **061** ou o **112**.

Tamén tes a túa disposición o formulario *Autotest Coronavirus do Servizo Galego de Saúde*:

<https://coronavirus.sergas.gal/autotest/index.html>



Non será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de abril e suspéndense as citas de orientación laboral. Podes consultar máis información en <https://www.sepe.es>



Durante o estado de alarma están suspendidos os prazos para a tramitación dos procedementos administrativos de entidades do Sector Público (subvencións, autorizacións administrativas, sancións, procedementos selectivos, etc...).



O Concello de Pontedeume está a funcionar a porta pechada e con servizos mínimos en horario de 9 a 14 horas. Podes contactar con nós a través da sede electrónica <https://sede.pontedeume.gal> ou en casos de emerxencia nos teléfonos:

REXISTRO DO CONCELLO: 981 433 054

SERVIZOS SOCIAIS: 981 433 288

POLICÍA LOCAL: 629 666 324

PROTECCIÓN CIVIL: 647 774 796



O Concello de Pontedeume consituiu a Comisión de Seguimento do COVID-19 e está en contacto coas autoridades sanitarias para dar resposta e atención ás necesidades das persoas máis vulnerables e manter informada en todo momento á cidadanía.



O servizo de recollida de residuos continúa co seu horario habitual. No caso de que teñas que desbotar guantes, panos ou máscaras usadas deposítaas nunha bolsa con peche hermético nos contenedores de cor verde. Non utilices NUNCA os destinados a reciclaxe de papel, vidro, plástico e envases.



Co fin de limitar as saídas á rúa e extremar as medidas hixiénicas o Servizo de Recollida de Enseres queda suspendido.



Recorda que podes sacar ao teu can a un paseo breve e extremando as medidas de seguridade e limpeza.



Tras o peche do albergue de peregrinos habilítase un servizo de acollida provisional no albergue público Monte do Gozo (Santiago de Compostela) para os peregrinos que estean en tránsito e mentres non dispoñan de medios de regreso ou aloxamento.

TELÉFONO DE CONTACTO: 660 396 827



Suspéndense a realización de queimas nos terreos rústicos, quedando sen efecto as autorizacións e comunicacións de queimas xa notificadas ou efectuadas.



Restrínxense as visitas nos centros residenciais de servizos sociais, agás en casos excepcionais debidamente autorizados pola dirección do centro.

¡ESTÁ NAS NOSAS MANS!

CONCELLO DE PONTEDEUME

